

COMISIÓN DE FORMACIÓN

Data: 18 de decembro de 2019

Hora: 10:20 h. – 12:15 h.

Lugar: Sala I do Edificio Exeria

Membros:

Pola administración:

Presidenta: Raquel M^a Souto García, Xerente

Secretario: Miguel Gómez López, xefe de negociado do Servizo de PAS

José González Groba, Vicexerente de Recursos Humanos

José Manuel Fernández Viña, xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, xefa da Sección de Emprego e Programas

Pola Xunta do PAS:

Teresita Aboal Somoza

José Antonio Gándara Pérez (desculpa a ausencia)

Raquel Iglesias Domínguez (desculpa a ausencia)

Polos Comités de Empresa:

Xosé Luciano Otero Camiña

Alfonso Bascoy Fernández (desculpa a ausencia)

Pablo Álvarez Rodríguez (desculpa a ausencia)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Estado da execución orzamentaria 2019.
3. Estado de execución do Plan de Formación 2019.
4. Elaboración do Plan de Formación 2020.
5. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

A Comisión aproba, por unanimidade, a acta da reunión do 7 de febreiro de 2019.

2. Estado da execución orzamentaria 2019.

Teresita Aboal pregunta por que se pagaron na partida de formacións os cursos sobre *Alarma e evacuación* e *Desfibrilación externa semiautomática* de prevención de riscos. O Vicexerente explica que ese tipo de cursos se viñan pagando como conferencias e que os servizos administrativos indicaran que era incorrecto, polo que deberon imputarse a esta partida, pero que tampouco isto é correcto, polo que fará as xestións para que non se volvan a cargas a esta partida.

Teresita Aboal pide información sobre o curso de formación externa *Lexnet avanzado*. A xefa de Sección de Emprego indica que estivo destinado ao persoal do Servizo de Asesoría Xurídica. A xerente explica que é unha aplicación do ámbito da xustiza que a Universidade tamén ten que utilizar.

Teresita Aboal pregunta por que a cantidade abonada ao profesorado que impartiu a acción formativa *A nova ferramenta de xestión económica (MUS)* supera o importe do valor hora. A xefa de Sección de Emprego sinala que a contía foi establecida pola Xerencia. A Xerenta explica que tivo carácter extraordinario porque existía un compromiso cos docentes; no caso de Rodrigo Cerviño, tras homologar as súas retribucións ás dos vicexerentes, a obriga de dar formación considérase incluído no seu cargo. Teresita Aboal lamenta que non se convocara con antelación, sinalando que polas datas, había moitos destinatarios de vacacións. O Vicexerente manifesta que esas eran as datas máis pertinentes para realizalo.

Xosé Luciano Otero mostra a súa sorpresa porque L. Olivares impartira tantos cursos e pregunta por que non se repartiron entre máis docentes. A Xerenta tamén opina que deberían participar outros compañeiros da ATIC e que o falará co seu Director.

3. Estado de execución do Plan de Formación 2019.

A xefa de Sección de Emprego informa sobre os principais aspectos da execución do Plan de Formación 2019, cuxo detalle figura na documentación enviada xunto coa convocatoria. Pendentes de realizar, quedaron os seguintes cursos:

- *Iniciación á Seguridade Social.* (Área Xurídico Procedimental)
- *Bibliometría e altimetría nas bibliotecas universitarias.* (Área de Biblioteca)
- *Financiamento europeo da I+D+I.* (Área Económica)
- *Fundraising na Universidade de Vigo.* (Área Económica)

Teresita Aboal comenta que no curso *As competencias profesionais dos bibliotecarios universitarios*, impartido por videoconferencia se sufriron problemas técnicos, e ao non dispor de persoal de apoio técnico nos campus, que antes ofrecían os bolseiros, producíronse retrasos e disfuncións. Ademais, a insatisfacción dunha parte dos asistentes pode deberse a que as súas expectativas non eran realistas en relación ao programa. En cambio, indica que o curso *Dereito, ética profesional e servizo bibliotecario*, realizado na quenda de tarde, tivo moi boa aceptación.

A continuación manifesta a súa estrañeza porque non se recibiran propostas para o plan 2020 do Director da Biblioteca.

Xosé Luciano Otero considera que o modelo de elaborar o plan de formación está esgotado e necesita un impulso, non pode seguir baseándose unicamente nas propostas dos xefes e responsables, ou nas que envíen as persoas individualmente, que cada ano diminúen. Engade que unha das causas da falta de motivación para o PAS é a falta de carreira profesional, así como que coa idade diminúe a motivación para participar na formación.

A Comisión reflexiona sobre esta situación, a conveniencia de mellorar a implicación dos xefes e responsables; a parte social comenta que unha empresa fixera un estudo no ano 2017 sen que a xerencia informara dos resultados; a Xerenta di que non o atopan; así mesmo pregunta se as organizacións sindicais realizan propostas, constatándose que hai anos si o facían, pero que como todos os axentes,

foise perdendo fol cos anos. A Xerenta manifesta a súa disposición a convocar aos responsables de servizos e unidades para que realicen propostas, xa que son os máximos coñecedores das necesidades en cada un deles.

O Xefe do Servizo de PAS, en tanto que responsable dunha unidade, considera que é fácil propor actividades sobre os aspectos estritamente relacionados coa activade do servizo, pero que precisamente ese tipo de accións, de actualización ou mellora, na súa opinión non deben conducir a convocar cursos senón que é responsabilidade de cada xefe a actualización e posta ao día do seu persoal para dar un servizo de calidade a desenvolver axeitadamente o que facer ordinario; a cuestión difícil e clave é saber propor formación no resto de competencias profesionais, de carácter máis transversal, porque para iso se necesita que a universidade como institución teña definido un plan estratéxico, que se saiba cara onde quere ir, que administración se quere ser e ter, porque en función disto se determinarán as competencias que deberá ter o seu persoal, e isto non é decisión de cada responsable, senón do equipo de goberno a través da Xerencia.

Neste sentido, a Xerente comenta o interese da Vicerreitoría de Internacionalización na capacitación do persoal en inglés. A este respecto, Xosé Luciano Otero indica que a anterior Xerencia propuxera estender os cursos de inglés ao conxunto do PAS e programar actividades de reforzo periodicamente, posto que de non ser así os coñecementos se esquecen.

A Xerenta indica que o Centro de Linguas dispón de medios para realizar unha proba de nivel masiva e que habería que retomar esta cuestión.

4. Elaboración do Plan de Formación 2020.

Procédese ao estudo das propostas recibidas.

- *FINANCIAMENTO EUROPEO DA I+D+I*. Falarase coa Directora Técnica da Oficina de I+D para que indique a idoneidade do curso.
- *FUNDRAISING NA UNIVERSIDADE*. A Xerencia falará coa Vicerreitoría de Investigación e con Rodrigo Cerviño.
- *IRPF e IRNR*. Aprobado. Falarase coa Xefa do Servizo de C. Interno ou coa docente proposta para completar os datos do curso.
- *IVA*. Aprobado. Falarase coa profesora do curso para completar os datos do curso.
- *ORZAMENTO UVIGO E AS SÚAS MODIFICACIÓNS*. Falarase coas Xefas dos Servizos de Contabilidade e C. Interno sobre a idoneidade.
- *A CONTRATACIÓN DE INVESTIGADORES POLAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS*. Considérase que non procede a súa realización.

- *ELABORACIÓN DE CONVENIOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO.* A Xerencia falará coa Vicerreitoría de Investigación e coa Directora da Oficina de I+D.
- *MEDIDAS ANTIFRAUDE.* A Xerencia falará coa Vicerreitoría de Investigación, coa Directora da Oficina de I+D, con Rodrigo Cerviño e co Xefe do Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento.
- *CREATIVIDADE E INNOVACIÓN CON LEGO SERIOUS PLAY.* Aprobado. Confirmaranse coa docente os datos do curso.

Remata a reunión ás 12:15 horas e acórdase continuar o 9 de xaneiro de 2020, ás 12:00 horas.